



CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO PUBLICITARIO COA ENTIDADE, FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE A TRAVÉS DO EVENTO DEPORTIVO ARENA 1000 BALONMÁN PRAIA, TRAMITADO POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE POR EXCLUSIVIDADE

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Dunha parte: JOSÉ RAMÓN LETE LASA, na súa calidade de secretario xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde desta Consellería do 12 de xuño de 2024, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 117, do 18 de xuño de 2024, e

Doutra parte: BRUNO LÓPEZ MOLINA con DNI *3025****, segundo consta no expediente de contratación, actuando en nome e representación da entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**, CIF G-36690832, segundo consta por documento dilixenciado do letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Declarándose ambas partes contratantes con capacidade legal para obrigarse por medio do presente contrato,

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro.- Mediante resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 28.05.2025 iniciouse o expediente do contrato privado para a promoción do deporte en Galicia a través do evento deportivo, **ARENA 1000 Balonmán Praia**, que se celebrará en Sanxenxo (Pontevedra), entre os días 4 e 6 de xullo de 2025, tramitado polo procedemento negociado sen publicidade por exclusividade coa entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN** cun orzamento de licitación de **VINTE CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (24.793,39 €)**, máis CINCO MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS **(5.206,61 €)** en concepto de IVE, o que fai un total de **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €)**.



Segundo.- O 06.06.2025 aprobouse o gasto coa fiscalización previa da Intervención Delegada e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación para a realización do obxecto do contrato conforme ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), seguíndose os demais trámites esixidos pola lexislación vixente na materia de contratos.

Terceiro.- O 10.06.2025 a Secretaría Xeral Técnica enviou a correspondente invitación á entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**, xa que reúne os requisitos para organizar o evento deportivo **ARENA 1000 Balonmán Praia**, ao fin de que presentase unha oferta de acordo co establecido nos pregos que rexen esta contratación.

Cuarto.- Conforme ao establecido no artigo 326 da LCSP a constitución da mesa de contratación é potestativa para os procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación. O 23.06.2025 as persoas designadas polo Órgano de contratación para a apertura e exame da documentación xeral e da análise da oferta, procederon ao exame da documentación contida nos sobres electrónicos A e B, acordando aceptar e dar por válida a oferta presentada en tempo e forma pola entidade.

Logo de constatar que a oferta económica e técnica presentada se axusta ao disposto nos pregos, acordouse remitir a documentación económico-técnica á Secretaría Xeral para o Deporte para o seu estudo e informe valorativo do persoal técnico da unidade.

Quinto.- Recibido o informe favorable da Secretaría Xeral para o Deporte, a Comisión Negociadora reuniuse o 25.06.2025 e, logo do seu análise, acordou aceptar o resultado do informe técnico estipulado no PCAP, polo que se da por admitida a proposición polo seguinte importe:

Anualidade	Aplicación	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
2025	05.02.441A.640.0	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

Sexto.- O 25.06.2025 o Órgano de contratación remitiu á entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN** unha invitación coa posibilidade de negociar os aspectos contidos no apartado 13 do cadro de características do PCAP. En resposta, o 26.06.2025, a entidade manifesta que mantén a oferta presentada inicialmente.



Sétimo.- Por resolución do Órgano de contratación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 30.06.2025 adxudicouse o contrato de patrocinio publicitario **para a promoción do deporte a través do evento deportivo ARENA 1000 Balonmán Praia**, pola contía de **VINTE CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (24.793,39 €)**, máis CINCO MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS **(5.206,61 €)** en concepto de IVE, o que fai un total de **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €)**.

CLÁUSULAS

Primeira.- BRUNO LÓPEZ MOLINA con DNI *3025****, actuando en representación da entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**, CIF G-36690832, comprométese a efectuar a acción de promoción do deporte de Galicia en xeral a través do patrocinio publicitario do evento deportivo **ARENA 1000 Balonmán Praia**, que se celebrará en Sanxenxo (Pontevedra), entre os días 4 e 6 de xullo de 2025, con estrita suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas que rexen este contrato, nos termos e condicións sinalados na súa oferta.

Segunda.- O prezo máximo deste contrato é **VINTE CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (24.793,39 €)**, máis CINCO MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS **(5.206,61 €)** en concepto de IVE, o que fai un total de **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €)**.

Terceira.- O contratista comprométese a someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos durante a execución do contrato.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**, durante todo o período de execución do contrato, procedéndose ao pagamento por parte da Secretaria Xeral para o Deporte segundo o réxime establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Toda a publicidade estática, material impreso, publicidade en redes sociais ou soportes tecnolóxicos, elemento ou activo serán producidos pola Entidade, sendo pola súa conta os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas



condicións de percepción óptica.

Cuarta.- En contraposición ás obrigas asumidas pola entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**, a Secretaría Xeral para o Deporte, consonte o establecido nos pregos que rexen esta contratación, obrígase ao pagamento de **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria **05.02.441A.640.0** (código de proxecto **2015 00035**) dos orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte para o ano 2025.

O pagamento do prezo realizarase polos servizos efectivamente prestados contra a presentación da correspondente factura xunto coa xustificación do patrocinio (informe de prensa e xustificación da presenza da imaxe corporativa establecida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e o xustificante da póliza do seguro; e previa expedición de certificado de conformidade por parte da Secretaría Xeral para o Deporte.

En aplicación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, os provedores que se atopen obrigados ao uso da factura electrónica deberán presentar a súa factura a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Xunta de Galicia: https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte, Servizo de Xestión Económica.

Así mesmo, o pagamento realizarase a servizo prestado previa acreditación dos traballos realizados, mediante a memoria correspondente na que se poida comprobar a presenza da imaxe, a presentación da factura, os certificados de estar ao corrente e o xustificante da póliza do seguro.

Quinta.- A vixencia do contrato comprenderá dende a sinatura do mesmo ata o día seguinte da clausura do evento.

Sexta.- En ningún caso alcanzará á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes nin á Secretaría Xeral para o Deporte ningunha responsabilidade principal ou subsidiaria respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que poidan ser impostas á entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**.



Sétima.- As causas de resolución do contrato son:

1. Incumprimento das obrigas esenciais establecidas nos pregos que rexen a contratación. Nomeadamente as seguintes:
 - Cumprir durante o período de vixencia da relación contractual as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación a todo o persoal laboral contratado.
 - Contar con todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización do evento.
 - Contar cos seguros de responsabilidade civil e asistencia sanitaria esixibles de acordo cos artigos, 22 e 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e a Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
2. Inclusión do patrocinado nun acto que dane a imaxe do patrocinador
3. O incumprimento, por parte do patrocinado, das normas en materia de loita antidopaxe así como en materia de loita contra a violencia no deporte.
4. A vulneración da normativa en vigor para a celebración do evento, incluída a de espectáculos públicos e actividades recreativas, de publicidade e de protección do menor.

No caso de que se coñeza algunha destas causas con posterioridade ao pago por parte da Secretaria Xeral do importe establecido na cláusula cuarta a entidade patrocinada procederá ao reintegro dos fondos percibidos.

Cando a resolución se produza por mutuo acordo, non se xerará dereito de indemnización ningún.

O incumprimento por parte da Administración das obrigacións do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pago dos danos e prexuízos que por tal causa se irroguen ao contratista.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do patrocinado deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados.



En todo caso se dará audiencia ao patrocinado con carácter previo ao acordo de resolución.

Oitava.- Este contrato rexerase en canto a súa preparación e adxudicación pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en canto aos seus efectos, modificación e extinción polo dereito privado, en concreto pola Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

Así mesmo será de aplicación a normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

Novena.- A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdicional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

E en proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan o presente contrato.

O CONTRATISTA

O REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN